



RELATOS EN 3º DE ESO

O INSTITUTO ENCANTADO

Ola! eu son Alberto, pero podédesme chamar "Berto" así é como me chamaban na escola. Agora teño 19 anos, xa hai un que rematei o instituto, quero ser investigador, sabedes por que? Agora volo conto.



Era un día coma hoxe e ía cara ao instituto cos meus amigos Xesús, ao que nós chamabamos "Suso", Luís e

Alfredo, que era moi bruto e forte, ao que todo o mundo lle tiña certo respecto, pero que no fondo era moi boa persoa e sempre axudaba aos amigos cando facía falta. Iamos falando sobre o exame que tiñamos de matemáticas, eu, coma sempre, levaba todo moi ben aprendido, ao igual que Suso e Luís, pero o que, coma sempre, non o levaba ben estudado era Alfredo, que sempre aprobaba grazas a nós, xa que lle chivabamos todas as preguntas.

Cando entramos na clase, a profesora xa estaba dentro, como acostumaba facer cando había exame, repartiu os exames e cando xa levabamos media hora de exame, de súpeto empezou a irse a luz e vir continuamente sen parar en todo o instituto, e así sucesivamente. Chamaron aos electricistas e cando chegaron xa se vía perfectamente, a luz encendíase e apagábase cando se premía a chave e non se deu explicado por que pasara. Ao acabar a clase tocaba recreo, pero pasou que as portas se pecharon todas de golpe e non se deu saído da aula. O conxerse andaba por todas as clases intentando abrir as portas, pero non o conseguía, os profesores intentaban poñer calma, pero non era nada, todos os alumnos estaban nerviosos e Alfredo, como xa tiña fame e non lle gustaba moito a idea de quedar pechado na clase, pillou carreiriña e embestiu a porta con toda a forza que tiña e rompeu a pechadura, conseguimos saír, pero os das outras clases non, houbo que chamar os cerralleiros, pero aínda así tiveron que abrir as portas a golpe de martelo. Cando xa conseguiran saír, mandáronnos para a casa, todos os rapaces non daban creto ao sucedido, nin nós nin os profesores, pero no fondo todos os rapaces estabamos contentos, xa que era un día que perdiamos de escola.

Ao día seguinte xa cambiaron todas as pechaduras, pero non conseguiron saber por que as portas non abrían nin por que a luz ía e viña intermitentemente.

Luís pensaba que fora obra dalgún gracioso, mentras que Suso dicía que foran os profes para gastarnos unha broma, mentres que a Alfredo tanto lle tiña.

Ao día seguinte, cando estabamos na clase de ciencias sociais, todo ía normal ata que empezou a saltar a alarma de incendios e comezou a botar auga, pero o máis increíble é que non había lume, pero tamén comenzaron a botar auga todas as billas dos baños ata o punto de que o instituto se inundou por completo, tivemos que saír do centro. Chamaron os bombeiros e despois de 2 días xa deron secado o chan por completo e ninguén soubo explicar que ocorrera. Todos os rapaces estaban contentos por perder clase, pero eu estaba bastante intrigado polo sucedido.

Máis tarde os profesores mandaron unha carta a cada casa explicando o sucedido e intentando tranquilizar os pais dos alumnos, os meus non daban creto, pero eles pensaban que fora obra dun gamberro ou algo polo estilo.

Xa pasara 1 semana dende o acontecido, pero o máis importante aínda estaba por acontecer; cando estabamos na clase de bioloxía o profesor soía poñer transparencias, algo que a min aburríame por completo e ao estar tan aburrido quedárame durmido e xusto nese



RELATOS EN 3º DE ESO

momento empezou a ulir a chamuscado, cada vez ulía máis a queimado, polo que saltou a alarma e de seguido baleiraron as clases, todos os rapaces saíron, pero eu, ao estar durmido non me decatara de nada e para máis o fume impedía a visibilidade, polo que ninguén me viu durmindo e para máis eu non me decatara do que estaba pasando, xa que estaba en sono profundo.

Cando estaban todos fóra, Alfredo dixo:

- Por esta vez salvámonos , e Berto?

Como non me vían, de repente Suso lembrouse de que me quedara durmido na clase e dixéronlle o acontecido ao profesor, pero dérolles a mala nova dos bombeiros, estaban noutro incendio e ían tardar 10 minutos en vir, pero para aquela xa sería tarde, así que Alfredo dixo:

- non hai outra opción, vou entrar!

Os profesores intentaron impedilo pero non deron, xa que Alfredo se botara a correr cara dentro, había moito lume e non se daba respirado, así que Alfredo sacou a camiseta que levaba posta, mollouna no baño con auga e subiu a buscarme; colleume, subíume ao seu lombo e baixoume rapidamente. Todos dende fóra estaban nerviosos porque vían que tardabamos moito en baixar, pero de súpeto apareceu Alfredo comigo ao lombo, afortunadamente non nos pasara nada, os profesores botáronlle unha bronca a Alfredo pola loucura que cometera, pero ao mesmo tempo felicitarono pola súa valentía.

Máis tarde a min espertáronme, explicáronme o sucedido e agradecínlle a Alfredo a súa coraxe á hora de salvarme.

Máis tarde viñeron os bombeiros e apagaron o lume.

En pouco tempo os medios de comunicación de todo o mundo fixéronse eco dos sucesos acontecidos e ao cabo de 2 días viñeron a policía nacional, a interpool, o FBI e tamén uns investigadores especializados en sucesos paranormais.

Estiveron 1 semana no instituto, e cando remataron pechárono de por vida; máis tarde, por orde da policía internacional derrubaron o instituto, pero nunca se soubo o porqué do acontecido, algo que deixou a toda a xente da vila moi intrigada, ata o punto de que a vila chegaron rumores de que os sucesos foron provocados por seres doutro planeta, algo abraiante.

En fin que dende aquela quero investigar que pasaría en realidade, por iso quero ser investigador e así algún día poder saber o que en realidade aconteceu, pero prométovos que cando teña algunha pista seredes os primeiros en sabelo, mais até entón teredes que esperar. Adeus.

JAVIER YAÑEZ, S3B

QUERIDO DIARIO

Hoxe non foi o meu día precisamente... pola mañá quedei adormecido. Non me decatei de nada até que veu miña nai espertarme. Vestínme e, cando estaba quentando o leite no microondas, botouse por fóra. Limpeino. Despois aseieime e fun para a escola, pero polo camiño botouse a chover e molleime todo, e por enriba, pasou un coche e enchoupome. Cando cheguei á escola xa eran as 8.54, 14 minutos tarde e a profesora amoestoume, pero aí non acabou a cousa. Por mala sorte,





RELATOS EN 3º DE ESO



quedoume o libro de literatura na casa, e a profesora volveume amoestar por segunda vez. Despois tocoume educación física, pero eu non me decatei e esquencín traer roupa deportiva, xa era a terceira amoestación que caía sobre min. Despois saín ao recreo, pero cando me dirixía á cafetería a mercar o bocadillo tropecei, os compañeiros ríronse de min en por enriba perdín o diñeiro. Só quedaba pasar fame.

A cuarta hora tocou clase de matemáticas, fóronme ben os exercicios, saquei un dez no exame da semana pasada e porteime ben toda a hora. Pensei que me pasara toda a mala racha, pero equivocábame. A última hora tocou bioloxía. E déronme a nota do exame da pasada semana, un tres. ¡Que desastre! Ala vai a paga semanal, dez euros perdidos. Pero aí non acabou a cousa.

Estaba a falar co compañeiro do lado e tiven a mala sorte de que a profesora me descubriu, a cuarta amoestación; que día de escola!. En fin, é hora de volver á casa. Saio para fóra e resulta que vai un día espléndido. Boteime a andar, pero tiven a mala sorte de que cando ía polo medio do camiño, descubrín que, pola mañá, como chovía, levará o garda-choiva á escola, e agora esquecérao.

Volvín ás carreiras para collelo, pero a escola xa pechara. Fixen unha viaxe en balde, en fin, despúxenme a volver á casa, ¡e vaia oh!, botouse a chover. Isto xa pasaba de castaño escuro. Cheguei á casa todo enchoupado. E por riba, levei unha bronca por parte de miña nai. Cambieime e baixeí a xantar.

¡Oh non! Había repolo, que era a comida que máis odiaba. Pero tiven que comelo. A desgraza era que non me gustaba nada, ao acabar de comer trousei. Despois doeume a barriga un cacho moi longo. Cando por fin me pasou, fun chamar por teléfono a meu amigo Piru, pero o teléfono non funcionaba e tiven que ir á súa casa persoalmente. Ao chegar peteille na porta e el saíu.

Fumos xogar ao fútbol nunha pista do polideportivo con outros compañeiros máis, por iso fomos nas bicicletas. Ao chegar alí, faltábannos dous dos nosos compañeiros, que non puideron vir e tivemos que buscar outro xogo. Para o fútbol non chegabamos. Decidimos xogar ao jockey, que naquel pavillón hai campos para todo tipo de deporte. E todo tipo de utensilios para practicalos. Xa xogando, un compañeiro deume sen querer cun stick nunha perna e mancoume. Tiven que ir

para a casa. Deitome no sofá a ver a tele, pero non poñían nada bo, e púxenme a facer os exercicios da escola. Pero non sabía ningún. Tiven que deixalos sen facer. Deu a hora da cea e fun cear, pero tampouco había cousa agradábel para min, había sopa de verdura e tortilla con salada. Como non me sabía, funme deitar, e agora aquí estou, esperando a quedar durmido. Vaia, parece que a mala sorte non rematou.

- Ben ves que cambio de bolígrafo porque ao outro remateille a tinta. Non, este non foi o meu día.

- Xa os teño pasado mellores.



RELATOS EN 3º DE ESO

O BOSQUE DO QUE NINGUEN SAIU

Hai preto de corenta anos, había un bosque á beira dun río ao que ninguén se atrevía a entrar. O río chamábase Lena e o bosque era coñecido como o bosque do que ninguén saíu, xa que ninguén dos que se atrevera a entrar volvera saír.

Daquelas, dous amigos que se chamaban Dani e Rubén e que vivían cerca de alí enteráronse de que aquel bosque existía mentres escoitaban ás escondidas ás súas nais.

Dani tiña dezaseis anos recién cumpridos e Rubén, quince. Os dous eran moi aventureiros e decidiron que irían ao bosque. Como eran veciños, Dani que era loiro, alto e de ollos azuis iría buscar a Ruben que, polo contrario era moreno, baixo e de ollos verdes, ás nove e media da mañá. Diríanlle ás súas nais que ían facer sendeirismo a unha montaña que había preto de alí chamada a montaña leñosa. Dani levaría na súa mochila a tenda de campaña, dous sacos de durmir, comida e bebida e Rubén tería que levar a lanterna, unha corda moi longa, prismáticos, brúxula, unha navalla, o quit de primeiros auxilios, un mapa, mistos e cartos para mercar pilas de reposto para a lanterna polo camiño. Entón, ao acabar de repasar as mochilas e asegurarse que non lles faltaba nada, puxéronse en marcha, posto que xa eran as dez menos cuarto.

O camiño levoulles media hora, e cando entraron no bosque pareceulles que era normal e corrente, xa que só viran uns cantos animais salvaxes. Cando xa eran preto das once e cuarto da mañá atoparon o río e viron que ao outro lado había unha cova que parecía chamar por eles. Eles querían pasar, pero a corrente era demasiado forte e se pasaban a nado, levaríaos antes de chegar á outra beira. Entón Rubén dixo:

- Podemos atar a corda a unha árbore e logo a nós e cruzar nadando.

E así o fixeron, quitaron as mochilas e botáronas para a outra beira xunto coas chaquetas e camisetas. Ao acabar, primeiro Dani púxose a nadar e ao chegar alí atou o seu extremo da corda a unha árbore que tiña preto, e despois Rubén desatou o seu extremo e atouno a unha cadeira e tamén el cruzou o río; ao chegar alí os dous puxeron as camisetas e chaquetas, colleron as cousas e entraron na cova.

Despois dun bo anaco andando todo recto, atoparon unha especie de sala circular na que había varias saídas e no medio unha pequena mesa na que había un papel; ao entrar nela a porta pola que acababan de pasar pechouse, entón achegáronse á mesa e leron o que poñía no papel e que dicía así: " para de aquí poder saír o norte debes buscar e por el seguir ata en el atopar un debuxo que debes interpretar". Entón dixo Dani:

- Veña Rubén, quita a brúxula.

- De acordo, xa a quito - dixo Rubén.

Despois de sacar a brúxula e mirala seguiron cara o norte e ao cabo dun anaco chegaron a un sitio no que había un xeroglífico que tiña a cada lado un camiño; como eran moi bos descifrando xeroglíficos pronto descubriron que o camiño correcto era o da esquerda e ao

